

## II Plan de rescate da Xunta de Galicia - PROGRAMA II MICROEMPRESAS (TR500B)

### Persoas beneficiarias

Microempresas e persoas traballadoras autónomas de calquera sector con persoal contratado,

Excepcionalmente, **pemes de ata 25 persoas traballadoras** cun volume de facturación **non superior a 2M€** (ou se pertence á canle de distribución Horeca, **non superior a 5M€**)

**Orzamento: 30.000.000 €**

Compatible con outras axudas do Plan de Rescate da Xunta de Galicia e outras AA.PP.



### Requisitos

**1** Ter **domicilio fiscal** en Galicia

**2** Descenso da facturación conforme ao seguinte:

Para **microempresas e persoas autónomas** con persoal contratado



**Descenso de cando menos o 45%** no ano 2020, comparado coa facturación de todo o 2019

Para as **pemes** excepcionalmente incluídas no programa



**Descenso de cando menos o 60%** no ano 2020, comparado coa facturación de todo o 2019

Aberto o prazo ata o  
**18 de marzo**

**IMPORTANTE:** Poderá eximirse do requisito de estar ao corrente das obrigas tributarias **no momento da solicitude** da axuda sempre que:

→ A débeda **non supere o 80%** da axuda solicitada

→ A persoa se comprometa a **saldar as débedas no prazo de 15 días naturais** desde a recepción do anticipo da axuda (unha vez satisfeita a débeda deberá comunicalo)

#### Altas ou empresas creadas ao longo de 2019

A baixada de facturación calcularase comparando a **facturación media mensual** dos meses con actividade do ano 2019 coa **facturación media dos meses** do ano 2020

#### Altas ou empresas creadas entre o 01/01/2020 e o 31/03/2020

A baixada de facturación calcularase comparando a **facturación media mensual** dos meses con actividade do primeiro trimestre do ano 2020 coa **media mensual dos tres trimestres restantes** do ano 2020

II Plan de rescate da Xunta de Galicia - PROGRAMA II  
**MICROEMPRESAS (TR500B)****Contía da axuda segundo descenso de facturación\***Baixada de **entre o 45% e o 60%** ..... Apoio de **4.000 €**Baixada de **máis do 60% e menos do 70%** ..... Apoio de **5.000 €**Baixada do **70% ou máis** ..... Apoio de **6.000 €**  
[Actividade especialmente paralizada]

\* Estas cantidades incrementaranse **segundo o número de persoas traballadoras contratadas** conforme aos seguintes tramos:

De **4 ata 9** persoas traballadoras ..... Incremento de **1.000 €**De **10 ata 20** persoas traballadoras ..... Incremento de **2.000 €**De **21 ata 25** persoas traballadoras ..... Incremento de **3.000 €****Medios válidos para acreditar baixada de facturación****Estimación directa:**

Calquera dos seguintes →

- Declaración de IVE anual (modelo 390) dos anos 2019 e 2020
- Declaracións trimestrais de IVE (modelos 303)
- Declaración trimestral do IRPF (modelo 130) do IV trimestre do ano 2019 co IV trimestre do ano 2020

**Estimación obxectiva  
ou módulos:**

Calquera dos seguintes →

- Copias, referidas aos períodos de comparación, de:
- Libro de facturas emitidas e recibidas
  - Libro diario de ingresos e gastos
  - Libro rexistro de ventas e ingresos
  - Libro de compras e gastos
  - Calquera outra forma admitida en dereito

**Compromiso**Manter a **actividade económica** e o **emprego** durante **6 meses** desde a publicación da orde de axudas